

O DEMO DAS ARMAS

Joseph H. Lewis, 1950

561

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 16 e 25 de xullo | V.O.S.E. | +12

Gun Crazy (1950, 87')

Dirección: Joseph H. Lewis

Guión: MacKinlay Kantor, Dalton Trumbo, Millard Kaufman
(Historia: MacKinlay Kantor)

Elenco: Peggy Cummins, John Dall, Berry Kroeger, Morris Carnovsky, Annabel Shaw, Harry Lewis, Nedrick Young, Trevor Bardette, Mickey Little, Russ Tamblyn, Paul Frison

Son: Tom Lambert

Dirección de arte: Frank Heath

Vestuario: Norma Koch

Montaxe: Harry Gerstad

Música: Victor Young

Fotografía: Russell Harlan

Produtora: King Brothers Productions (Estados Unidos)

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Terror en una ciudad de Texas, 1958

Odio contra odio, 1957

El séptimo de caballería, 1956

Agente especial, 1955

La ciudad sin ley, 1955

Relato criminal, 1949

Mi nombre es Julia Ross, 1945

PREMIOS E FESTIVAIS

National Film Preservation Board 1998

SINOPSE

Bart Tare é un home obsesionado desde neno coas armas. Cando coñece a Annie, unha muller fatal, déixase arrastrar ao mundo do crime. Unidos pola súa afección ás armas, a relación da parella desemboca, entre atraco e atraco, nun remuíño de paixóns e situacións perigosas.

«Estamos ante a perfección absoluta, cun estudo de personaxes e unha historia de amor imposible realizada con total precisión. Moito máis ca un filme de cinema negro»

Alberto Abuín, SPINOF



No asento do condutor

Por Paul Schrader

Cando Peter Bogdanovich me ofrece escribir na revista *Cinema* un artigo sobre a obra de Joseph H. Lewis tiven un importante dilema. Na altura eu xa era un apaixonado admirador d'*O demo das armas*, que me parecía un dos mellores filmes norteamericanos de todos os tempos, pero apenas vira nada máis do seu autor. Nese intre Bogdanovich emprendeu un titánico esforzo para pedir prestadas ou alugadas todas cantas copias puideran conseguirse do cineasta de Brooklyn. Finalmente puideron ver arredor dunha ducia de películas que representan diversas etapas do autor. Porén, a medida que desenvolvía e proxectaba as fitas de celuloide o meu entusiasmo foi mingando. Xa contaba con atopar actores mediocres, orzamentos cativos ou guións pouco estruturados pero o certo é que a dirección, nos máis dos casos, tampouco levantaba o nivel.

Rematado o visionado podo dicir que hai dous filmes que, sen chegar ao nivel d'*O demo das armas*, si teñen verdadeiro interese. Refirome a *Agente especial* (1955) e *Relato criminal* (1949). Agora ben, se son sincero *Relato criminal* palidece comparada con *Los sobornados* (1953, Fritz Lang) e o mesmo lle sucede

a *Agente especial* ao carón de *Brigada suicida* (Anthony Mann, 1947). Filmes como *My Name is Julia Ross* (1946) ou *So Dark the Night* (1946) son estimábeis pezas barrocas pero para salientalos realmente habería que sobrevalorar unha miga as súas cualidades. E xa por non falar das súas peores obras, filmes sen alma que poderían ser dirixidos por calquera principiante: *Boss of Hangtown Mesa* (1942), *Tío Willie* (1948) ou *Desperate Research* (1952).

Estas pesquisas leváronme de volta ao casilleiro de partida, a gloriosa *O demo das armas*, cuxa grandeza non son quen de explicar con palabras. Hai quen ten comentado que o éxito do filme se debe aos seus produtores, os irmáns King, pero coído que as cualidades superlativas do filme son as que só un verdadeiro autor pode achegar: unha combinación de sentido do ritmo, axilidade e dinámica compositiva. Estes elementos xa aparecían noutras obras de Lewis, nomeadamente en *Agente especial*, pero sen chegar á excelencia do filme que nos ocupa.

Se a súa mestría se debe ao xenio latente do seu autor ou ao azar, non o sei, nin sei que lugar debe ocupar na teoría de autores ou calquera outra clasificación similar. Pero o certo é que *O demo das armas* é diferente, ten unha precisión, unha intelixencia e unha teima polas armas que a sitúan na primeira liña do cinema americano. Trátase ademais dunha variación temperá de *Bonnie y Clyde* (Arthur Penn, 1967), se ben neste

caso quen faría de Clyde, a actriz Peggy Cummings, xa tiña aparecido na figura de viúva negra en filmes *noirs* dos anos corenta.

N'*O demo das armas* non hai espazo para a psicoloxía. A acción ten vida propia e os protagonistas non teñen tempo para enxergar o rumbo dos acontecementos. Igual que sucede noutros grandes filmes do mesmo pau —*Sólo se vive una vez* (Fritz Lang, 1936), *Os amantes da noite* (Nicholas Ray, 1948), *Bonnie y Clyde*— *O demo das armas* non é unha historia determinista de amor e nostalxia poética. Trátase máis ben dun estimulante tributo ao amor destemido e a acción sen límite.

Joseph H. Lewis non pretende absolver os seus protagonistas, a súa loucura polas armas [*gun crazy*] é loucura e máis nada. O personaxe de John Dall, que non é parvo, non chega a entender en ningún momento que o impulsa cara ao crime nun vertixinoso remuíño de violencia. Ningún filme feito até o de agora nos Estados Unidos ten ilustrado con tanta elocuencia a teima americana que pon en relación xuventude, acción, sexo e crime. *O demo das armas* non ofrece explicacións máxicas a este feito social pero o que si consegue facer como ningunha outra película é meterte no asento do condutor mentres a acción sucede.

Publicado orixinalmente na revista *Cinema*, nº5, p.44.
Dispoñíbel en www.paulschrader.org
Tradución: Xan Gómez Viñas

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compárteas.
#eusondenumax



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

